

IES de Arzúa

DOCUMENTO DE CONCRECIÓN **CURRICULAR**


Actualización 10 marzo de 2021

INDICE

PAX

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E INTRODUCCIÓN.....	3
2. ENSINANZAS IMPARTIDAS	3
3. <u>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)</u>	4
3.1 PRIMEIRO CICLO DA ESO	4
3.1.1 Materias.....	4
3.2 SEGUNDO CICLO DA ESO	6
3.2.1 Materias.....	6
3.2.2 Materias optativas no segundo ciclo da ESO.....	7
3.2.3 Itinerarios en segundo ciclo da ESO.....	7
3.3 ATENCIÓN A DIVERSIDADE	8
3.3.1 Exención segunda lingua estranxeira	8
3.3.2 Reforzos educativos.....	8
3.3.3 Plan de Mellora da Aprendizaxe (PMAR).....	8
3.3.4 Programa Reforza-T	9
3.3.5 Programa reforzo de competencias clave 3º e 4º ESO	9
3.4 SECCIÓNS BILINGÜES	10
3.5 PROMOCIÓN E TITULACIÓN	10
3.5.1 Promoción na ESO	10
3.5.2 Titulación na ESO	11
3.6 COMPETENCIAS DA ESO	13
4. <u>BACHARELATO</u>.....	13
4.1 MODALIDADES.....	14
4.2 BACHARELATO DE CIENCIAS	14
4.3 BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	15
4.4 MATERIAS OPTATIVAS	16
4.5 ITINERARIOS	18

4.6 PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	19
4.6.1 Promoción no Bacharelato	19
4.6.2 Titulación no Bacharelato	19
5. <u>VALIDACIÓNS NA ESO E BACHARELATO</u>	20
6. <u>FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA</u>	21
6.1 AGROXARDINARÍA E COMPOSICIÓNS FLORAIS	22
6.2 SERVIZOS ADMINISTRATIVOS	22
7. <u>FORMACIÓN PROFESIONAL CICLO MEDIO</u>	23
7.1 APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	23
8. <u>FORMACIÓN PROFESIONAL CICLO SUPERIOR</u>	24
8.1 XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL.....	24
8.2 ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	25
9. CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	25
9.1 PROCEDEMENTO AVALIADOR.....	26
10. PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.....	28
11. RECOMENDACIÓNS PEDAGÓXICAS PARA A CONFECCIÓN DE HORARIOS	30



1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E INTRODUCCIÓN

- Denominación: Instituto de Educación Secundaria de Arzúa (IES de Arzúa)
- Enderezo: Rúa do castro s/n, 15810 Arzúa (A Coruña)
- Código de centro: 15027733
- Teléfono: 881 866 047
- FAX: 881 866 055
- Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/>

Dentro do Proxecto Educativo de Centro (PEC) está integrado o documento de concreción Curricular.

Este documento establece a concreción das ensinanzas impartidas no IES de Arzúa en canto a tipoloxía, niveis educativos e organización das mesmas no referente ás materias que se imparten.


Tamén se inclúen todas as modalidades das distintas ensinanzas, as concrecións curriculares das medidas de atención á diversidade, a oferta que imparte o centro respecto ás materias optativas que se poden cursar e os itinerarios que se establecen para poder impartilas.

2. ENSINANZAS IMPARTIDAS

O I.E.S. de Arzúa imparte ensinanzas de:

- Ensinanza secundaria Obrigatoria (ESO)
- Bacharelato: modalidade de Ciencias e modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
- Formación Profesional Básica de Agroxardaría e Composicións Florais
- Ciclo medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
- Ciclo superior Xestión Forestal e do Medio Natural

As ensinanzas que se imparten son en réxime ordinario, diurno e presencial. Ademais durante o curso 2019/2020 implantouse o ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural na modalidade de adultos, semipresencial e á distancia dirixido tan só a axentes forestais que participaron no proceso de acreditación de competencias celebrado no IES Arzúa durante o curso 2017-2018.



3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

O IES de Arzúa imparte ensinanzas de 1º a 4º de ESO, de acordo co establecido na seguinte normativa:

- *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*
- *ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*
- *ORDE do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Tal como se establece nesta lexislación, os 4 cursos de ESO se subdividen en dous ciclos:

- 1º ciclo, que abarca o 1º, o 2º e o 3º curso de ESO
- 2º ciclos, constituído unicamente por 4º de ESO


3.1 PRIMEIRO CICLO DA ESO

3.1.1 Materias

Nos cursos de 1º, 2º e 3º de ESO cúrsanse as seguintes materias:

1º curso:

- Lingua e Literatura castelá
- Lingua e Literatura galega
- 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés
- 2ª Lingua Estranxeira, que pode ser tamén Francés ou Inglés
- Matemáticas
- Educación Física ou Educación Física en Inglés (sección bilingüe), segundo elección das familias
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual
- Bioloxía e Xeoloxía
- Xeografía e Historia
- Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias.
- Materia de libre configuración do centro, que pode ser Reforzo en Lingua Castelá (Dpto. Lingua Castelá), Obradoiro de Música(Dpto. Música), Promoción de Estilos de Vida Saudables (Dpto. Educación Física) e Primeiros Auxilios (Dpto. Bioloxía e Xeoloxía).




2º curso:

- Lingua e Literatura castelá
- Lingua e Literatura galega
- 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés
- 2ª Lingua Estranxeira, que pode ser tamén Francés ou Inglés
- Matemáticas
- Educación Física
- Música
- Tecnoloxía ou Tecnoloxía en Inglés (sección bilingüe), segundo elección das familias
- Física e Química
- Xeografía e Historia
- Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias.
- Materia de libre configuración do centro, que pode ser Reforzo en Lingua Galega (Dpto. Galego), Promoción de Estilos de Vida Saudables (Educación Física), Igualdade de Xénero (Dpto. Filosofía) ou Primeiros auxilios (Dpto Bioloxía e Xeoloxía).

3º curso:

- Lingua e Literatura castelá
- Lingua e Literatura galega
- 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés
- Matemáticas, que poden cursarse en dúas modalidades a elección das familias: Orientadas ás ensinanzas académicas ou Orientadas ás ensinanzas aplicadas
- Educación Física
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual
- Música
- Tecnoloxía ou Tecnoloxía en Inglés (sección bilingüe), segundo elección das familias
- Bioloxía e Xeoloxía
- Física e Química
- Xeografía e Historia
- Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias.
- Unha materia e elixir entre Segunda Lingua Estranxeira (Francés ou inglés) e Cultura Clásica



3.2 SEGUNDO CICLO DA ESO

3.2.1 Materias

No 4º curso da ESO, as familias da alumna ou alumno ou, de ser o caso, o propio alumnado, deberá decidir entre dúas modalidades para cursar este último curso:


- Ensinanzas académicas, para a iniciación ao bacharelato.
- Ensinanzas aplicadas, para a iniciación á formación profesional.

Na **modalidade de ensinanzas académicas**, o alumnado deberá cursar as seguintes materias:

- Materias obrigatorias
 - Lingua e Literatura castelá
 - Lingua e Literatura galega
 - 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés
 - Xeografía e Historia
 - Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas
 - Educación Física
 - Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias.
- Materias troncais de elección. Será necesario cursar unha das seguintes opcións:
 - Economía e Latín
 - Bioloxía e Xeoloxía e Física e química

Na **modalidade de ensinanzas aplicadas**, o alumnado deberá cursar as seguintes materias:

- Materias obrigatorias
 - Lingua e Literatura castelá
 - Lingua e Literatura galega
 - 1ª Lingua Estranxeira, que neste centro pode ser Inglés ou Francés
 - Xeografía e Historia
 - Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas
 - Educación Física
 - Relixión ou Valores Éticos, segundo elección das familias.
- Materias troncais de elección. Será necesario cursar as seguintes materias:
 - Ciencias aplicadas á actividade profesional (Dpto. Física e Química) e Iniciación á actividade emprendedora e empresarial (Dpto. Economía).



3.2.2 Materias optativas no segundo ciclo da ESO

As materias optativas en 4º curso da ESO son comúns para as ensinanzas aplicadas e as ensinanzas académicas. A oferta total destas materias está recollida no citado *decreto 86/2015* onde tamén se establece que os centros deberán concretar esta oferta dependendo da dispoñibilidade.

O IES de Arzúa decidiu en reunión de Comisión de Coordinación Pedagóxica, e aprobou en Claustro (27/02/2020) co visto e praxe de Inspección educativa impartir unicamente as seguintes materias optativas tanto nas ensinanzas académicas como nas aplicadas:

- Cultura Científica (Dpto. Bioloxía e Xeoloxía)
- Cultura Clásica (Dpto. Francés e Dpto. Filosofía)
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual
- Filosofía
- Música
- 2ª lingua estranxeira
- Tecnoloxías da información e da comunicación (TICS) bilingüe e non bilingüe
- Tecnoloxía
- Unha das materias troncais non cursada, de calquera das dúas opcións de ensinanza.


De todas elas o alumnado deberá elixir 2 materias en cada unha das opcións de ensinanza.

3.2.3 Itinerarios en segundo ciclo da ESO

Tal como se dixo nos apartados anteriores, en 4º de ESO será preciso elixir un mínimo de dúas materias troncais en cada unha das opcións de ensinanza, podendo elixir unha terceira se se toma como optativa, incluso se é doutra modalidade.

Dada a cantidade de combinacións que se poden producir, este centro determinou en Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobou en Claustro ((27/02/2020) uns itinerarios para concretar a oferta, compatible coa normativa e que permita a preparación para as diferentes ensinanzas de Bacharelato ou Formación Profesional posteriores. Estes itinerarios son os que figuran a continuación:

MATERIAS DO CURSO					
■ Educación Física (2 h) ■ Xeografía e Historia (3 h)		■ Lingua Castelá (3 h) ■ Lingua Galega (3 h)		■ 1ª Lingua estranxeira: (3 h) □ Inglés □ Francés	
				■ Titoría (1 h) ■ Riscar unha: (1 h) □ Relixión □ Valores Éticos	
ITINERARIO				Riscar unha (3 h)	Riscar unha (3 h)
□	Matemáticas Académicas (4 h)	Física e Química (3 h)	Bioloxía e Xeoloxía (3 h)	□ Tecnoloxía □ Filosofía □ TICs non Bilingüe □ TICs Bilingüe □ Música □ 2ª Lingua estranxeira	□ Cultura clásica □ Cultura científica
□	Matemáticas Académicas (4 h)	Economía (3 h)	Latín (3 h)		□ TICs non Bilingüe □ TICs Bilingüe
□	Matemáticas Aplicadas (4 h)	Ciencias Aplicadas (3 h)	IAEE (3 h)		□ Educ. plástica e visual □ Materia troncal non cursada
A impartición das materias está condicionada á existencia dun nº mínimo de alumnado e ás posibilidades organizativas do centro.					



3.3 ATENCIÓN A DIVERSIDADE

3.3.1 Exención segunda lingua estranxeira

O alumnado de 1º e 2º de ESO que presenta dificultades continuadas de aprendizaxe poderá quedar exento de cursar a materia 2ª lingua estranxeira e figurará como exento de 2ª lingua nos documentos de avaliación. No seu lugar recibirá reforzo educativo nas materias instrumentais (matemáticas, lingua castelá e lingua galega), logo do informe da persoa titora do curso anterior e do departamento de Orientación. A competencia da decisión recaerá na Dirección do centro, oídas as familias.

3.3.2 Reforzos educativos

Tamén en 1º e 2º ESO, nas materias instrumentais o alumnado poderá recibir reforzos por parte do profesorado ou apoios do especialista en Pedagogía Terapéutica, logo do asesoramento e coordinación do xefe do departamento de orientación, ao aveiro das avaliacións psicopedagóxicas pertinentes.

Para facilitar esta tarefa, o profesorado afectado decidirá se son reforzos dentro ou fora da aula. A recomendación para recibir estes reforzos estará feita pola Xunta de Avaliación na súa reunión inicial e será decidida polo equipo directivo en función da dispoñibilidade do profesorado de centro, tendo en conta o seu carácter prioritario.

3.3.3 Plan de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)


Tal como se establece no citado decreto 86/2015, en 2º e 3º de ESO é posible desenvolver Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR), que teñen a finalidade facilitar a consecución das competencias do primeiro ciclo da ESO ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.

Nos grupos onde se imparte esta modalidade de ensinanza, os contidos das materias organízanse dun xeito diferente e a metodoloxía é tamén específica.

Finalizado o programa con avaliación positiva, este alumnado incorpórase ao 4º curso da ESO por vía ordinaria.

A principal característica organizativa neste programa de mellora da aprendizaxe e rendemento estriba no agrupamento de materias en ámbitos, tal e como se describe a continuación:

- **Ámbito lingüístico e social:** Substitúe ás materias de Lingua e literatura castelá, Lingua e literatura galega e Xeografía e historia. 9 sesións semanais en total.
- **Ámbito científico e matemático:** Inclúe as horas de matemáticas, Bioloxía e xeoloxía e Física e química, 8 sesións semanais en total.
Existe un acordo entre os departamentos de Bioloxía – Xeoloxía e Física- Química de que si un imparte clase en PMAR o outro en FP Básica (Módulo de Ciencias Aplicadas I e II). Dito acordo dependerá da carga horaria dos departamentos nese momento.
- **Ámbito de linguas estranxeiras:** 3 sesións semanais.



En todas as restantes materias o alumnado deste programa permanecerá cun grupo de referencia de ensinanza ordinaria de 2º ou 3º ESO segundo o caso.

3.3.4 Programa REFORZA-T

Dende o curso 2017-2018 levamos a cabo o programa REFORZA-T (antigo PROA; Reforzo, Orientación e Apoio) na modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo para o alumnado da ESO e FP Básica

Con esta actuación preténdese mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades, a través do traballo ou apoio organizado para a adquisición das destrezas básicas que lle faciliten a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e as esixencias das diferentes áreas e materias.

O obxectivo deste plan será potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar deste alumnado mediante:

- Fornecemento de destrezas e coñecementos necesarios nas competencias básicas (CMCT e CCL).
- Adquisición de técnicas de traballo intelectual.
- Adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
- Alento ao estudo a través de dinámicas de traballo eficaces.
- Incremento do hábito lector.
- Mellora da súa integración social, no grupo e no centro.

Contamos con dous grupos de alumnos/as e un mestre externo que se encarga de impartir o programa. Dito mestre/a ten un horario de 8 horas de clase co alumnado, 2 horas de coordinación e 4 horas para apoiar os alumnos/as que asisten o plan durante as súas clases da mañá.

O horario do programa é:

- Grupo 1. Martes e Xoves de 16:00 a 18:00 1º ESO e FP Básica.
- Grupo 2. Martes e Xoves de 18:00 a 20:00 2º ESO.


3.3.5 Programa reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO. PREMAT

Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo PREMAT (Reforzo da competencia matemática) (Resolución do 7 de outubro de 2019). O obxectivo desta medida é mellorar o rendemento académico da competencia matemática no alumnado de 3º e 4º de ESO.

Este programa é impartido por un profesor externo de secundaria especialista en matemáticas cun horario de 8 horas de clase, 2 apoio e 1 de coordinación.

O horario do programa é:

- Grupo 1. Martes e Xoves de 16:00 a 18:00 3º ESO.
- Grupo 2. Martes e Xoves de 18:00 a 20:00 4º ESO.



3.4 SECCIÓNS BILINGÜES

O IES de Arzúa conta coas seguintes seccións bilingües:

- Sección bilingüe en Inglés na área de Educación Física en 1ºESO
- Sección bilingüe en Inglés na área de Tecnoloxía en 2ºESO
- Sección bilingüe en Inglés na área de Tecnoloxía en 3ºESO
- Sección bilingüe en Inglés na materia optativa específica de Tecnoloxía Información e Comunicación (TICs) de 4º da ESO.

3.5 PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Neste apartado resúmese o establecido na seguinte normativa:

RESOLUCIÓN de 9 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

REAL DECRETO 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.


3.5.1 Promoción na ESO

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua e Literatura Galega e Matemáticas, ou Lingua e Literatura Castelá e Matemáticas.

De forma excepcional poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean **conxuntamente** as seguintes condicións:

- Consideraranse como circunstancias excepcionais os casos de accidente, enfermidade grave ou hospitalización que deriven en non poder asistir ás clases nun período



considerable, nos que tería a decisión de promoción a Xunta de Avaliación.

- Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas personalizadas de reforzo e atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de forma excepcional a promoción dun alumno ou alumna coa avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua e Literatura Galega e Matemáticas, ou Lingua e Literatura Castelá e Matemáticas cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Aos efectos da avaliación e promoción, soamente se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Cooficial e Literatura (Lingua e Literatura Galega), só computarase unha materia no bloque de asignaturas de libre configuración autonómica, con independencia de que ditos alumnos/as poidan cursar máis materias de dito bloque.


As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.

O alumno ou alumna que non teña promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

3.5.2 Titulación na ESO

Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha avaliación, ben positiva en todas as materias, ou ben negativa nun máximo de dúas materias sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, obterán o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. A estes efectos:


- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas.
- Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna alcanzou os obxectivos da etapa e adquiriu as competencias correspondentes.



- No título deberá constar a cualificación final de Educación Secundaria Obligatoria. A cualificación final da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en Educación Secundaria Obligatoria, expresada nunha escala de 1 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima. A estes efectos, a situación de “non presentado/a” (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria.
- O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5%, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso. En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

En caso de empate na matrícula de honra de 4º da ESO establécense os seguintes criterios de desempate:

- 1º Nota media de 3º ESO
- 2º Nota media de 2º ESO
- 3º Nota media de 1º ESO
- 4º Se persiste o empate, a entrega da matrícula de honra realizarase por sorteo.
- No caso do alumnado que, ben por incorporarse de forma tardía, ben por realizar parte dos seus estudos nalgún sistema educativo estranxeiro, non cursase no sistema educativo español a Educación Secundaria Obligatoria na súa totalidade, o cálculo da cualificación final da etapa farase tendo en conta unicamente as cualificacións obtidas no sistema educativo español, sen prexuízo do establecido respecto diso en acordos ou convenios internacionais.
- No caso do alumnado que finalice a etapa despois de cursar un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento, o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas en materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando ditas materias estivesen incluídas nalgún dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato, e o alumno ou alumna superase o devandito ámbito.
- Así mesmo, os alumnos e alumnas que obteñan un título de Formación Profesional Básica poderán obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os obxectivos da Educación Secundaria Obligatoria e adquirido as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación final de Educación Secundaria Obligatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria expedidos conforme ao disposto no presente artigo permitirán acceder indistintamente a calquera dos ensinos postobrigatorios recollidos no artigo 3.4 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/as titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos de etapa e de adquisición das



competencias correspondentes que xustifica a proposta. De considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica. Este consello orientador elaborará o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do Departamento de Orientación. Levará a sinatura do profesorado titor, da xefa ou do xefe do Departamento de Orientación e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

3.6 COMPETENCIAS DA ESO

A CCP a través dos xefes de departamento creou unha folla de cálculo onde están representadas a porcentaxe na que contribúe cada materia da ESO a acadar as competencias básicas que serán reflectidas no consello orientador do xade. Ditas porcentaxes foron consensuadas entre os xefes de departamento ao longo das diferentes reunións.

Esta táboa de competencias será enviada a cada profesor/a a finais de curso por medio dun enlace ao google drive do centro, dese xeito cada profesor/a poñerá os valores que crea oportunos do 1 ao 10.

Logo o titor/a descargará a media de tódalas competencias que serán reflexadas no consello orientador do xade (Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable, Sobresáinte) daqueles alumnos/as que aproben todas en xuño ou en setembro do resto do alumnado. Despois de pechada a avaliación de xuño ou setembro poderá descargar o consello orientador cuberto. O titor imprimirá dúas copias; unha copia para o alumnado e o orixinal para o expediente.

O alumnado que non supere en xuño todas as materias deberán ir a convocatoria extraordinaria de setembro e nese momento é cando se fará o consello orientador.

Nas diferentes CCP acadáronse estes acordos:


- O/a profesor/a da materia poderá poñer na folla de cálculo en todas as competencias a nota final que alcance o alumno/a na súa materia ou outra que estime convinte.
- Non se poden deixar celdas da folla de cálculo en branco.
- Validadas; o departamento de Música nas súas validacións poñera un 10. Mentras que os departamentos de Filosofía, Francés e Economía marcarán un 5.

4. BACHARELATO

O IES de Arzúa imparte 1º e 2º curso de Bacharelato. O currículo do Bacharelato, o regulamento das modalidades e a oferta de materias está establecido na seguinte normativa:

ORDE do 5 de maio de 2011, pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.



ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

ORDE do 13 de xullo de 2016, pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

4.1 MODALIDADES

Este centro imparte dúas das tres modalidades de Bacharelato existentes:

- Bacharelato de Ciencias
- Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

Tal e como establece o citado decreto, todo o alumnado de bacharelato está obrigado a cursar as seguintes materias troncais:

1º curso:

- Lingua e Literatura Castelá
- Lingua e Literatura Galega
- 1ª lingua estranxeira, que neste centro pode ser Francés ou Inglés
- Filosofía
- Educación física


2º curso:

- Lingua e Literatura Castelá
- Lingua e Literatura Galega
- 1ª lingua estranxeira, Francés ou Inglés
- Historia de España

4.2 BACHARELATO DE CIENCIAS

O alumnado desta modalidade está obrigado a cursar a materia troncal Matemáticas I en 1º curso e Matemáticas II en segundo curso.

Tanto no primeiro curso como no segundo, se establece a obrigatoriedade de matricularse como mínimo en dúas materias troncais de opción, podendo ser tres. Ademais tamén terán que cursar entre unha e tres materias optativas, incluíndo as de libre configuración autonómica e de libre configuración do centro (sendo estes dous grupos incompatibles entre sí), ata completar un total de 32 sesións semanais lectivas. No apartado 4.5 Itinerarios, establécese a modo de compatibilizar estas materias.



Segundo a Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do Bacharelato a materia de Historia da Filosofía será ofertada obrigatoriamente para a modalidade de Ciencias en 2º de bacharelato.

Son de oferta obrigada, na modalidade de Ciencias as materias troncais de opción as seguintes:

1º curso:

- Física e química
- Bioloxía e xeoloxía
- Debuxo técnico I

2º curso:

- Física
- Química
- Bioloxía
- Xeoloxía
- Debuxo técnico II

Tal como se dixo no apartado anterior, será preciso elixir dúas materias de entre as anteriores en cada curso, podendo elixir unha terceira como específica (optativa) do modo en que se establece no apartado de itinerarios.

4.3 BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS


Dentro desta modalidade de bacharelato, o IES de Arzúa oferta os dous itinerarios de:

- Bacharelato de Ciencias Sociais.
- Bacharelato de Humanidades.

A única diferenza curricular nestas dúas modalidades estriba na obrigatoriedade de cursar as materias troncais de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias sociais I e II no 1º caso, e a obrigatoriedade de cursar Latín I e II no segundo caso.

Tanto no primeiro curso como no segundo, establécese a obrigatoriedade de matricularse como mínimo en dúas materias troncais de opción, podendo ser tres. Ademais tamén terán que cursar entre unha e tres materias optativas, incluíndo as de libre configuración autonómica e de libre configuración do centro (sendo estes dous grupos incompatibles entre sí), ata completar un total de 32 sesións semanais lectivas. No apartado 4.5 Itinerarios, establécese a modo de compatibilizar estas materias.

Segundo a Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do Bacharelato, todo o alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais cursará de forma obrigatoria a materia troncal de opción de Historia da Filosofía en 2º de bacharelato.



Son de oferta obrigada, na modalidade de Humanidades e Ciencias sociais as materias troncais de opción seguintes:

1º curso:

- Literatura Universal
- Economía
- Grego I
- Historia do mundo contemporáneo

2º curso:

- Grego II
- Xeografía
- Economía da empresa
- Historia da arte

Tal como se dixo no apartado anterior, será preciso elixir dúas materias de entre as anteriores en cada curso, podendo elixir unha terceira como específica (optativa) do modo en que se establece no apartado de itinerarios.


4.4 MATERIAS OPTATIVAS

As materias optativas en bacharelato son comúns para todas as modalidades. A oferta destas materias está recollida no citado *DECRETO 86/2015* e nas *ORDE 15 de xullo de 2015* e *13 de xullo de 2016* antes citadas.

O IES de Arzúa decidiu en reunión de Comisión de Coordinación Pedagóxica, e aprobou en Claustro (27-02-2020) co visto e praxe de Inspección educativa impartir únicamente as seguintes materias optativas tanto no bacharelato de Ciencias como de Humanidades e Ciencias Sociais:

1º curso:

- Tecnoloxía Industrial I
- Anatomía Aplicada (Dpto. Bioloxía e Xeoloxía ou Dpto. Educación Física)
- 2ª Lingua estranxeira francés I
- Debuxo artístico I
- Tecnoloxías da información e da comunicación I (TICS I)
- Cultura científica (Dpto. Bioloxía e Xeoloxía)
- Linguaxe e práctica musical (Dpto. Música)
- Relixión
- Iniciación á lingua e cultura Portuguesa I (Libre configuración do centro), 1 h. semanal (Dpto. Lingua e Literatura Castelá)
- Preparación para o DELF B1 (Libre configuración do centro), 1 h. semanal
- Robótica (Libre configuración autonómica), 2 h. semanais (Dpto. Tecnoloxía)
- Antropoloxía (Libre configuración autonómica), 2 h. semanais (Dpto. Filosofía)




2º curso:

- Ciencias da terra e do medio ambiente (Dpto. Bioloxía e Xeoloxía)
- Debuxo artístico II
- Fundamentos de administración e xestión (Dpto. Economía)
- Historia da música e da danza (Dpto. Música)
- Psicoloxía (Dpto. Filosofía)
- 2ª lingua estranxeira francés II
- Técnicas de expresión gráfico-plástica (Dpto. Debuxo)
- Tecnoloxía industrial II
- Relixión.
- Iniciación á lingua e cultura Portuguesa II (Libre configuración do centro), 2 h. semanais (Dpto. Lingua e Literatura Castelá)
- Proxectos de investigación (Libre configuración do centro), 1 h. semanal (Dpto. Bioloxía e Xeoloxía)
- Preparación para o DELF B2 (Libre configuración do centro), 2 h. semanais
- Recursos humanos (Libre configuración do centro), 1 h. semanal (Dpto. Administrativo)
- Métodos estatísticos e numéricos (Libre configuración autonómica), 2 h. semanais (Dpto. Matemáticas)
- Literatura galega do século XX (Libre configuración autonómica), 2 h. semanais
- Xeografía e Historia de Galicia (Libre configuración autonómica), 2 h. semanais

Tal como se dixo nos apartados anteriores, será preciso elixir un mínimo de dúas materias troncais de opción de entre as anteriores en cada curso, podendo elixir unha terceira. Existe a posibilidade de que unha das materias troncais non elixida como tal, das que figuran nos apartados 4.2 e 4.3 poida ser cursada como optativa, independentemente da modalidade de bacharelato que se estude.

Dada a cantidade de combinacións que se poden producir, este centro determinou en comisión de coordinación pedagóxica uns itinerarios para concretar a oferta deste centro, compatible coa normativa e que permita a preparación para os diferentes estudos superiores.



4.5 ITINERARIOS


Como se acaba de indicar, existen multitude de combinacións na elección de materias troncais e optativas. A demanda de inspección educativa, o IES de Arzúa configurou e aprobou os itinerarios para concretar esta oferta, do seguinte xeito:

PRIMEIRO DE BACHARELATO

■ Educación Física (2h)		■ Lingua e Literatura Castelá I (3h)		■ Lingua estranxeira I (<i>Riscar unha</i>): (3h)	
■ Filosofía (3h)		■ Lingua e Literatura Galega I (3h)		□ Inglés □ Francés	
□	BACHARELATO CIENCIAS			Entre os 3 bloques escolle materias que sumen 6 horas Ten en conta que de cada bloque só podes elixir 1 materia.	
Matemáticas I (4h)		Física e Química (4h)	Escolle 1 materia □ Bioloxía e Xeo (4h) □ Debuxo Téc. I (4h)	Exemplo a: materia 3h+2h+1h Exemplo b: materia 2h+2h+2h Exemplo c: materia 3h+3h Exemplo d: materia 2h+3h+1h Exemplo e: materia 4h+2h	
□	BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS			Bloque 1	Bloque 2
Matemáticas Aplic. CCSS I (4h)		Economía (4h)	Escolle 1 materia □ Hª Mundo Cont. (4h) □ Literatura Univ. (4h)	□ Anatomía Aplicada (3h) □ Tecnoloxía Industrial I (3h) □ 2ª Lingua Estranxeira I (2h) □ Tics I (2h)	□ Materia troncal non cursada (4h) □ Cultura Científica (2h) □ Debuxo Artístico I (3h) □ Linguaxe e práct. musical (3h)
□	BACHARELATO HUMANIDADES				
Latín I (4h)		Escolle 1 materia □ Grego I (4h) □ Economía (4h)	Escolle 1 materia □ Hª Mundo Cont. (4h) □ Literatura Univ. (4h)		□ Antropoloxía (2h) □ Robótica (2h) □ Relixión (1h) □ Portugués (1h) □ Preparación para DELF-B1 (1h) (*)
NOTA: A impartición das materias está condicionada á existencia dun nº mínimo de alumnado. (*) Para poder cursar Preparación para o DELF-B1, a/o alumna/o debe cursar o Francés como 1ª ou 2ª lingua estranxeira.					

SEGUNDO DE BACHARELATO

☐ Historia de España (3h) ☐ Lingua e Literatura Castelá II (3h) ☐ Lingua e Literatura Galega II (3h)			☐ Lingua estranxeira II (<i>Riscar unha</i>): (3h) ☐ Inglés ☐ Francés		
			Nota: Deberás escoller 1 materia do Bloque 1, outra do Bloque 2 e outra do bloque 3 En conxunto as materias do tres bloques deben sumar 8 horas .		
☐	BACHARELATO CIENCIAS		Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3
Matemáticas II (4h)	Escolle 1 materia ☐ <u>Bioloxía</u> (4h) ☐ <u>Debuxo Técnico II</u> (4h)	Escolle 1 materia ☐ <u>Química</u> (4h) ☐ <u>Xeoloxía</u> (4h)	☐ <u>Física</u> (4h) ☐ Ciencias da Terra e do medio. (3h) ☐ Técnicas de expres. gráf. (3h) ☐ Hª Filosofía (4h)	☐ <u>2ª Lingua Estranxeira II</u> (3h) ☐ Psicoloxía (3h) ☐ Fundamentos Admon e Xest. (3h) ☐ Hª Música e da Danza (3h) ☐ Debuxo Artístico II (3h) ☐ Tecnoloxía Industrial II (3h) ☐ Outra materia Troncal (4h)	☐ Métodos Estadísticos (2h) ☐ Recursos Hum. (1h) ☐ Xeografía e Hª de Galicia (2h) ☐ Literatura galega do século XX (2h) ☐ Preparación para DELF-B2 (2h) (*) ☐ Proxectos investigación (1h) ☐ Relixión (1h) ☐ Portugués (2h)
☐	BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS		Bloque 1		
Matemáticas CC.SS II (4h)	Historia da Filosofía (4h)	Escolle 1 materia ☐ <u>Historia da Arte</u> (4h) ☐ <u>Economía e Empresa</u> (4h)	☐ <u>Grego II</u> (4h) ☐ <u>Xeografía</u> (4h) ☐ Técnicas de expres. gráf. (3h)		
☐	BACH. HUMANIDADES				
Latín II (4h)	Historia da Filosofía (4h)				
NOTA: A impartición das materias está condicionada á existencia dun nº mínimo de alumnado. As materias subliñadas son materias das que o alumnado se pode avaliar nas ABAU. (*) Para poder cursar Preparación para o DELF-B2, a/o alumna/o debe cursar o Francés como 1ª ou 2ª lingua estranxeira.					



4.6 PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Neste apartado resúmese o establecido na seguinte normativa:

REAL DECRETO 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.

4.6.1 Promoción no Bacharelato

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. É dicir, non contan a efectos de promoción as materias de Robótica, Lingua e Cultura Portuguesa I e DELF-B1).


Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

4.6.2 Titulación no Bacharelato

Para obter o título de Bacharelato será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato. A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no Bacharelato, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

No título deberá constar a modalidade pola que o alumno ou alumna cursase o Bacharelato, así como a cualificación final da etapa.

Os títulos de Bacharel expedidos conforme ao disposto neste artigo permitirán acceder aos distintos ensinos que constitúen a educación superior establecidas no artigo 3.5 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.



Aqueles alumnos que despois da avaliación ordinaria de segundo de Bacharelato obtiveran unha nota media igual ou superior a nove poderán obter a distinción de “Matrícula de Honra”. Dita distinción concederáse a un número non superior a un por cada vinte alumnos e alumnas ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro en segundo curso de Bacharelato (*Orde do 5 de maio de 2011*).

En caso de empate na matrícula de honra en segundo de bacharelato e segundo o acordado na CCP 10/10/2019, seguiranse estes criterios para conseguir o desempate:

1. Nota media obtida en primeiro de bacharelato.
2. A nota media real obtida en cada unha das avaliacións de segundo de bacharelato con dous decimais.
3. A nota media real obtida en cada unha das avaliacións de primeiro de bacharelato con dous decimais (CCP 10/10/2019).


5. VALIDACIÓNS NA ESO E BACHARELATO

As validación na etapa da ESO e Bacharelato están recollidas na Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réximen xeral.

Esta orde regula, pois, os aspectos referentes ás validacións entre as ensinanzas de réxime especial de música e de danza e determinadas materias da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato ou entre a oferta curricular propia de cada centro do ensino básico para as persoas adultas. Así mesmo, regúlanse os aspectos referentes ás adaptacións do currículo nas materias de música e educación física na educación secundaria obrigatoria. Finalmente, dispónse a adopción de medidas de coordinación para o alumnado que curse a modalidade do bacharelato en artes na súa vía específica de música, danza e artes escénicas.

Validacións na ESO:

- 1º ESO: unicamente unha materia, a materia de libre configuración deste primeiro curso.
- 2º ESO: un máximo de dúas; a materia de Música e, ademais, a materia de libre configuración deste segundo curso.
- 3º ESO: un máximo de dúas; a materia de Música e, ademais, ou Cultura Clásica ou Segunda Lingua Estranxeira.
- 4º ESO: un máximo de dúas; a materia de Música e, ademais, outra materia do Bloque de materias específicas deste cuarto curso.



Validacións no Bacharelato:

- 1º Bacharelato: coas ensinanzas profesionais de música o alumnado pode validar un máximo de dúas a elixir entre tres: a materia Análise Musical I, a materia Linguaxe e Práctica Musical, e outra das materias específicas de opción e libre configuración. Deberá terse en conta que a suma de períodos lectivos das materias a validar non poderá exceder de seis.
- 2º Bacharelato: coas ensinanzas profesionais de música o alumnado pode validar un máximo de tres: a materia Análise Musical II, a materia Historia da Música e da Danza, e outra das materias específicas de opción e libre configuración. Deberá terse en conta que a suma de períodos lectivos das materias a validar non poderá exceder de oito.

Cómpre lembrar que as materias obxecto de validación non serán tidas en conta no cálculo da nota media.

6. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Estas ensinanzas regúlanse pola *ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.*

O currículo está recollido no *DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.*


Actualmente están concedidos dous graos de formación profesional básica no IES de Arzúa:

- Agroxardinaría e composicións florais.
- Servizos administrativos.

O grao FP básica de *servizos administrativos* non se impartiu por falta de alumnado polo momento.

Cada un dos graos de FP básica organízase en 2 cursos académicos.

Segundo o artigo 2.5 do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, de acordo co disposto no Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, **establece que os alumnos e as alumnas que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que teñan alcanzados os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes.**



Nestes casos, a cualificación final de educación secundaria obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6.1 AGROXARDINARÍA E COMPOSICIÓNS FLORAIS

Neste ciclo cúrsanse os seguintes módulos:

1º curso:

- Ciencias aplicadas I
- Comunicación e sociedade I
- Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación y sementeira de cultivos
- Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinería.
- Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes
- Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes

2º curso:

- Actividades de rego, fertilización e tratamentos en cultivos
- Ciencias aplicadas II
- Comunicación e sociedade II
- Materiais de floraría
- Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas


Rematados estes módulos no 2º curso, o alumnado realizará 320 horas de prácticas en empresas para poder superar o módulo de Formación en centros de traballo (FCT) que da o título de *Profesional Básico en Agroxardinaría e Composicións florais*.

6.2 SERVIZOS ADMINISTRATIVOS

Neste ciclo cúrsanse os seguintes módulos:

1º curso:

- Ciencias aplicadas I
- Comunicación e sociedade I
- Arquivamento e comunicación
- Técnicas administrativas básicas
- Tratamento informático de datos



2º curso:

- Ciencias aplicadas II
- Comunicación e sociedade II
- Aplicacións básicas de ofimática
- Atención á clientela
- Preparación de pedidos e venda de produtos
- Formación en centros de traballo

Rematados estes módulos no 2º curso, o alumnado realizará 320 horas de prácticas en empresas para poder superar o módulo de Formación en centros de traballo (FCT) que da o título de *Profesional Básico en Servizos Administrativos*.

7. FORMACIÓN PROFESIONAL CICLO MEDIO

Estas ensinanzas regúlanse polo *DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia*

No centro está autorizado e impártese o seguinte ciclo medio:

- Aproveitamento e conservación do medio natural (2000 horas)

O currículo deste ciclo esta recollido no *DECRETO 192/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural*.

7.1 APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL


Neste ciclo cúrsanse os seguintes módulos:

1º curso:

- Formación e Orientación laboral
- Fundamentos agronómicos
- Maquinaria e instalacións forestais
- Principios de sanidade vexetal
- Producción de planta forestal en viveiro
- Repoboacións forestais e tratamentos selvícolas

2º curso:

- Aproveitamento do medio natural
- Conservación das especies cinexéticas e piscícolas
- Control fitosanitario



- Empresa e iniciativa emprendedora
- Prevención de incendios forestais
- Uso público en espazos naturais

Rematados estes módulos no 2º curso, o alumnado realizará 410 horas de prácticas en empresas para poder superar o módulo de Formación en centros de traballo (FCT) que dá o título de *Técnico en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural*.

8. FORMACIÓN PROFESIONAL CICLO SUPERIOR

Estas ensinanzas regúlanse polo *Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia*

No centro están autorizados os seguintes ciclos superiores, todos eles de 2000 h.:

- Xestión forestal e do medio natural.
- Administración e finanzas.

8.1 XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

Neste ciclo cúrsanse os seguintes módulos:


1º curso:

- Botánica agronómica
- Fitopatoloxía
- Formación e Orientación laboral
- Maquinaria e instalacións agroforestais
- Técnicas de educación ambiental
- Topografía agraria
- Xestión dos aproveitamentos do medio forestal
- Xestión e organización do viveiro forestal

2º curso:

- Defensa contra incendios forestais
- Empresa e iniciativa emprendedora
- Xestión cinexética
- Xestión da conservación do medio natural
- Xestión da pesca continental
- Xestión de montes

Rematados estes módulos no 2º curso, o alumnado realizará 384 horas de prácticas en empresas para poder superar o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) e simultaneamente o módulo de Proxecto de Xestión Forestal e Conservación do Medio (26 horas). Superados estes módulos obteñen o Título de *Técnico Superior en Xestión Forestal e Conservación do Medio Natural*.



8.2 ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Neste ciclo cúrsanse os seguintes módulos:

1º curso:

- Comunicación e atención á clientela
- Formación e Orientación laboral
- Inglés
- Ofimática e proceso da información
- Proceso integral da actividade comercial
- Recursos humanos e responsabilidade social corporativa
- Xestión da documentación xurídica e empresarial

2º curso:

- Contabilidade e fiscalidade
- Simulación empresarial
- Xestión de recursos humanos
- Xestión financeira
- Xestión loxística e comercial

Rematados estes módulos no 2º curso, o alumnado realizará 384 horas de prácticas en empresas para poder superar o módulo de Formación en Centros de Trabajo (FCT) e simultaneamente o módulo de Proxecto de Administración e Finanzas (26 horas). Superados estes módulos obteñen o Título de *Técnico superior en Administración e Finanzas*.

9. CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cada materia ou módulo avaliará a consecución dos obxectivos da etapa e o desenvolvemento dos contidos a través dos criterios de avaliación establecidos nos deseños curriculares das diferentes etapas, particularizándoos nas correspondentes programacións didácticas.


Os instrumentos que se poderán empregar para levar a cabo a avaliación dos alumnos serán dos seguintes tipos:

De observación directa polo profesor

- Iniciativa
- Participación no traballo en grupo
- Hábitos de traballo: exactitude e precisión, finaliza as tarefas, revísalas, etc.
- Avances conceptuais

Caderno de traballo

- Expresión escrita
- Coidado e respecto do material
- Entrega de traballos na data prevista



Probas escritas e orais / presentación de traballos individuais ou de grupo

- Comprensión dos conceptos
- Capacidade para explicar, interpretar e relacionar información.


Autoavaliación

- Valoración das tarefas que realiza.
- Valoración do seu propio rendemento e méritos.

9.1 PROCEDEMENTO AVALIADOR

En liñas xerais o proceso de avaliación seguiranse as seguintes pautas:

- O equipo docente organizará o calendario de exames en cada trimestre, coordinados polo/a titor/a de cada grupo, de modo que se cumpran os criterios de realización destes recollidos no NOFC, e garantindo que ningún/ha alumno/a, poida ter en ningún caso mais de dous exames nun mesmo día, salvo na semana destinada a exames en 2º de Bacharelato, a última deste curso.
- A xefatura de estudos do centro establecerá un calendario de sesións de avaliacións que garanta o tempo necesario para realizar adecuadamente esta labor nas mellores condicións. Poderanse realizar sesións simultáneas de avaliación sempre que un membro do equipo directivo poida acudir a cada unha e todos os membros da xunta de avaliación poidan estar presentes.
- O profesorado, previamente á sesión de avaliación, trasladará á aplicación XADE as súas cualificacións e observacións.
- Durante a sesión de avaliación cada profesor e profesora revisará a exactitude das cualificacións, acordaranse as medidas a adoptar con cada alumno e a valoración das súas competencias. O titor/a tomará nota da información que o resto do profesorado lle facilite.
- Finalizada a sesión, o membro do equipo directivo facilitará ao/á titor/a a acta obtida do programa XADE para que este/a recolla por escrito todas as observacións e todas as sinaturas do profesorado do grupo, e posteriormente lla devolverá asinada ao secretario, para a súa custodia.
- Posteriormente imprimiranse boletíns e informes necesarios para trasladar ás familias, ou alumnos/as maiores de idade, expresando as cualificacións, valoración global das competencias, faltas de asistencia e demais detalles.
- En todas as avaliacións, cada materia cualificará os criterios de avaliación previstos nas respectivas programacións didácticas dos departamentos cunha nota numérica enteira e a cualificación final do trimestre calcularase conforme ao procedemento establecido en cada departamento.



- Na cualificación da convocatoria ordinaria de xuño teranse en conta todos os criterios de avaliación previstos na programación didáctica para o curso escolar. Ademais terase en consideración a madurez e as posibilidades de futura escolarización do alumnado e a continuidade das materias en cursos e estudos seguintes.
- Na cualificación da convocatoria extraordinaria teranse en conta os criterios mínimos de avaliación previstos na programación didáctica para a superación da materia nesta convocatoria.
- Aqueles alumnos/as de Bacharelato e ciclos con perda de dereito de avaliación continua, serán avaliados na convocatoria final de toda a materia, conforme ao recollido nas correspondentes programacións didácticas elaboradas polos departamentos a este efecto, valorando exclusivamente a consecución de competencias adquiridas.

10. PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

- ESO e FP Básica.

O alumnado da **ESO ten a obriga de asistir ao centro polo tanto nunca perde a avaliación continua**. Si o alumno ou alumna falta inxustificadamente poderá incurrir nunha conduta leve contraría ás normas de convivencia (D. 8/2015 convivencia escolar en Galicia) ou nun expediente de absentismo escolar (faltas inxustificadas que supoñan un mínimo do 10% do horario lectivo mensual).¹

Alumnado da FP Básica; segundo o artigo 20.5 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e admisión nestas ensinanzas, **a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non lle será de aplicación ao alumnado de ciclos formativos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria**.

¹ Obrigatoriedade da ensinanza . Loe 2/2006.


- Artigo 3. As Ensinanzas.
A educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e os ciclos formativos de grao básico constitúen a educación básica. (Lomloe 3/2020)
- Artigo 4. A ensinanza básica.
A ensinanza básica é obrigatoria e gratuita para todas as persoas.
A ensinanza básica comprende dez anos de escolaridade e se desenrola, de forma regular, entre los seis e os dezaseis anos de idade. No obstante, os alumnos e alumnas terán dereito a permanecer en réximen ordinario cursando a ensinanza básica ata os dezaioito anos de idade, cumpridos no ano en que remate o curso, nas condicións establecidas na presente lei.

Avaliación. Loe 2/2006, D. 86/2015 Currículo da ESO e Bacharelato en Galicia, Lomloe 3/2020.

- Artigo 28. Avaliación e promoción. 1. A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas da educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

- Ciclos medios e superiores de Formación Profesional.

O alumnado que cursa estas ensinanzas perderá o dereito de avaliación continua nun módulo formativo no caso de que as faltas de asistencia acaden como mínimo o 10% das horas que o mesmo ten asignadas.



Para tales efectos, no IES Arzúa non se tomarán en consideración as seguintes faltas que se xustifiquen ante o profesorado responsable de cada módulo:

- Vinte días hábiles por enfermidade grave ou hospitalización do alumno ou alumna que impida a súa asistencia a clase. Non se incluírán as consultas médicas.
- Dous días por hospitalización dun familiar de primeiro grao ou por falecemento dun familiar até o segundo grao de consanguinidade.
- O 5% da duración dun módulo cando o alumno ou alumna presente un contrato de traballo.
- Polo tempo imprescindible para asistir a exames oficiais.
- Polo tempo imprescindible para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.

Todas estas ausencias deberán xustificarse documentalmente na forma requirida polo equipo docente.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas, consonte o anterior, nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10% de inasistencias inxustificadas con respecto a súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

(Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19).

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.


(O. 12 xullo 2011 desenvolvemento, avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial).

- **Bacharelato**

D.86/2015. Currículo da ESO e Bacharelato en Galicia. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O alumnado que cursa estas ensinanzas perderá o dereito de avaliación continua nunha materia no caso de que as faltas de asistencia acaden como mínimo o 10% das horas que a mesma ten asignadas.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á



alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas nunha determinada materia superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua na materia de acumular un 10% de inasistencias inxustificadas con respecto a súa duración total.

Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, o titor/ra en conxunto coa xefatura de estudos, comunicará a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua

Para tales efectos, non se tomarán en consideración as seguintes faltas que se xustifiquen ante o titor/a:

- Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao ata un máximo de 5 días.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 5 días lectivos en todo o curso.
- Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

11.RECOMENDACIÓNS PEDAGÓXICAS PARA A CONFECCIÓN DE HORARIOS

Na elaboración de horarios ao inicio de cada curso por parte do equipo directivo teranse en conta as seguintes recomendacións:

- Procurarase que as materias e módulos de dúas e tres horas semanais non impartan as súas sesións en días consecutivos.
- Evitarase que unha mesma materia ou módulo se imparta a última hora dun día e á primeira hora do día seguinte.
- Procurarase que as materias dunha hora non sexan impartidas os venres nas últimas horas.
- O profesorado solicitará a unión de horas para facilitar a impartición de materias ou módulos que requiran de máis dunha sesión consecutiva.
- Tentarase que haxa dispoñibilidade para o mantemento de Talleres, Laboratorios, Aulas de Informática e Biblioteca.
- Procurarase que o profesorado de ESO e de FPB teña unha hora semanal de reunión, organizada por niveis, coordinados polo xefe/a do departamento de Orientación.
- Tamén se facilitarán horas semanais de reunión aos membros de equipos de biblioteca, de seccións bilingües e de programas europeos, sempre que sexa posible,
- Estableceranse dúas ou tres reunións semanais dos membros do equipo directivo.
- Tentarase que os titores que impartan materias de dúas horas de clase a semana teñan a súa titoría en día diferente.
- A Xefatura de Estudos organizará a utilización das aulas de informática e audiovisuais, sobre a petición do profesorado ao inicio de curso, atendendo á dispoñibilidade e aos criterios de utilización dos ordenadores e das pizarras dixitais.

Aprobado polo claustro 10/03/2021